



# A ATALAIA

Fotografía do libro "Recuperación da memoria histórica de Foz"



## LOUVANZA DO MOLIDO

*Cando comezamos a preparar este número eramos sabedores de que había materia abonda para tomar como asunto central as "mulleres do mar". O que non imaxinabamos é que as páxinas de Ardentía fosen resultar tan escasas mesmo para lograr o obxectivo básico mínimo de amosar a amplitude e a importancia da presenza feminina no traballo e na cultura do mundo marítimo galaico e do norte de Portugal. Agora, cando Ardentía entra no forno e se prepara para ser papel e tinta, xa estamos perante a evidencia de que ofrecemos tan só unha humilde achega ao tema elixido, porque non abondarían sequera varias entregas da nosa revista para reflectir en toda a súa dimensión o contributo das mulleres a isto que damos en chamar 'cultura marítima'.*

*Mariscadoras, carrexonas, regateiras, mariñeiras, armadoras, barqueiras, bateeiras, atadoras... e ducias de oficios máis, e cada mester mil memorias persoais, e cada mar e cada porto cen singularidades. Con todo, os artigos e historias que apreixamos para este número compoñen unha visión do conxunto que, aínda que por veces nos sorprenda, non é outra cousa que un retrato do noso pasado recente e, ao mesmo tempo, a fotografía de hoxe, dun mundo real e presente en que o traballo das mulleres segue a ser un elemento estrutural e definitorio, aínda que sexa opaco para as institucións encargadas das estatísticas.*

*Para un artigo dos moitos que sempre fican no camiño e non chegan a editarse comecei a escribir unha louvanza do molido, o envurullo de trapo que moitas mulleres usaban (e aínda usan) para pór entre as súas cabezas e as cestas e patelas co fin de asentar mellor a carga e para que esta non as mancasse. Era a lembranza dun tempo, o da infancia, no que as cousas todas que importaban viaxaban sobre as cabezas das mulleres, das nosas nais. Non se escribiu o artigo, mais que a súa frase final non fiquen sen dicir: "Louvado sexa o molido".*

## EMPROANDO CARA A FERROL E BREST

*Hai que aparelhar ben os barcos que este ano volvemos ter "Encontro", o máis agardado pola mariñeiría da FGCMF, o "Encontro Galego de Embarcacións Tradicionais". Ten esta convocatoria o aliciente de que por primeira vez o evento viaxa ao Norte, a Ferrol en concreto, a unha fermosa ría perfecta para a navegación con velas tradicionais. O feito de que, tamén por vez primeira, o "Encontro" se desenvolva nunha cidade e non nunha vila supón un repto que os organizadores asumen gustosamente, pero que precisa do apoio decidido de todos os amadores da cultura marítima e fluvial do noso país.*

*Despois de Ferrol comezará a conta atrás para Brest 2008. A presenza de Galiza como convidada de honra deste evento é un grande desafío ao que nos enfrontamos. Saber corresponder ao interese do millón de visitantes que acoden á cita bretona, ser quen de amosar acaidamente o mellor do noso rico patrimonio marítimo e estar no nivel de calidade que a convocatoria require son algúns dos obxectivos que xa están enriba da mesa esixíndonos esforzo e implicación. Agora precisamos moito traballo e ventos portantes.*



A festa de Brest

LUÍS REI

